

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
28 de outubro de 2016**

Asistentes:**Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Beatriz Rodríguez Rodríguez

Enlace de igualdadeMaría del Carmen Cabeza
Pereiro**Membros da CC****PDI**Miguel Cuevas Alonso
Jorge Figueroa Dorrego
Francisco José Ledo Lemos
Lourdes Lorenzo García
Ana Luna Alonso
José Montero Reguera

Alberto Pérez Pereira

(sector PAS)

Cristina López Pais (sector
alumnado)**Desculpan**Xoan Montero Domínguez
Ana María Pereira Rodríguez
Elena Sánchez Trigo
Eduardo Varela Bravo
Nuria Yáñez Bouza**Non asisten**Inmaculada C. Báez Montero
Carmen Becerra Suárez
Xosé Henrique Costas
González
Antonio Rifón Sánchez
Julián Rial Lago (sector
alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 28 de outubro de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade.

Ábrese a sesión ás 10:36h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 28 de xullo de 2016.**

Apróbase por asentimento.

2. Informe da Coordinadora de Calidade.

-Chegada dos informes definitivos da ACSUG da acreditación do Grao en Linguas Extranxeiras, Grao en Tradución e Interpretación e do Mestrado en Tradución Audiovisual.

-Escaseza do alumnado no Mestrado en Teatro e Artes Escénicas este curso, principalmente polo aumento do alumnado no Mestrado de Formación de Profesorado. Posiblemente o mestrado terá unha remodelación completa en vindeiras datas.

-Reunión a finais de setembro coa Área de Calidade para informar do proceso de acreditación que ten que pasar o Mestrado de Tradución para a Comunicación Internacional.

-Incorporación na semana do 17 de outubro de dúas bolsaes de apoio a Calidade e unha administrativa (os xoves), principalmente para axudar cos datos que necesita o mestrado en TCI para súa acreditación.

- Valoración dos resultados das enquisas do alumnado. Foron bastante baixos, polo que a Área de Calidade e a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado convocaron unha reunión co alumnado, decano, vicedecana de Calidade da FFT e os vicedecanos de calidade de todos os centros da Uvigo o día 22 de setembro. Ademais, o alumnado da FFT solicitou unha reunión máis específica da FFT, á que asistiron tamén as coordinadoras do Grao en Tradución e Interpretación. Alí, trataron problemas máis específicos co profesorado da titulación.

- Continuación do traballo do PAT (asignación de titores/as, organización de grupos en FAITIC, seguimento...). En xeral, a participación do alumnado é moi baixa (hai varias reunións nas que o número de alumnado é cero). Pediranse os informes individuais que faltan para elaborar o informe do cuadrimestre. Estanse tratando as queixas e comentarios coas coordinadoras e o profesorado involucrado. Insistirase en que o profesorado indique

na convocatoria os temas a tratar.

- Resolución das reclamacións de asignación de liñas de TFG por parte das coordinadoras e o decano, a pesar da ambigüidade do punto 5 do Regulamento de TFG da FFT, no que aparece ese procedemento xunto con “data límite para o alumnado solicitar, por motivos xustificadas, unha modificación da liña de traballo ou titor/a asignada, perante a Comisión de Calidade”. Este último punto eliminarase cando se modifique a normativa de TFG.

3. Aprobación, se procede, do documento Política e obxectivos de Calidade FFT 2016-2017.

Apróbase por asentimento.

4. Rolda aberta de intervencións.

-A profesora Lourdes Lorenzo queixase do servizo do parque móbil: os problemas repítense cada ano, non hai dispoñibilidade a pesar de faceren a solicitude en tempo e forma. A profesora Ana Luna explica que tamén tivo problemas cunha saída recente, que finalmente pagou o decanato. O decano solicita que remitan unha queixa por escrito e suxire que quizáis a FFT podería considerar deixar unha partida para isto.

-O profesor José Montero solicita o envío aos Departamentos da asignación provisional de liñas de TFG. O decano acepta e pide desculpas.

-A profesora Ana Luna comenta que, como titora do PAT, detecta que os estudantes de primeiro curso que se incorporan a finais de setembro ou outubro teñen problemas para poñerse ao día e tamén coa avaliación continua. O decano propón que dende o PAT se informe ao profesorado e que se lle remita ao alumnado que se incorpora nestas datas un documento informativo.

-A profesora Lourdes Lorenzo pide que o profesorado remita queixas por escrito do material de oficina de Office Depot.

O decano decide tratar todos estes temas na Xunta de Facultade que se vai celebrar a continuación.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11.50h.


Vigo, 28 de outubro de 2016

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe

A secretaria (Vicedecana de
Calidade)



Beatriz Rodríguez Rodríguez

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día 15 de decembro de 2016.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución

Susana Rodríguez Barcia